

UGT-GALICIA REITERA A NECESIDADE DE BUSCAR CONSENSOS AMPLOS AO REDOR DA LINGUA GALEGA

17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A xornalista e escritora Begoña Caamaño foi a homenaxeada este ano

Redacción.- Un ano máis, o 17 de maio celebramos o Día das letras galegas. Nesta edición, a Real Academia Galega acordou dedicar esta data á xornalista e escritora Begoña Caamaño. Coa elección de 2026, ademais de recoñecer un traballo literario e xornalístico, valórase o pensamento dunha muller que fixo que toda a súa traxectoria e obra se creasen ao redor da defensa dos dereitos humanos, da lingua galega, do pacifismo e do feminismo solidario e combatente, así como a crítica ás inxustizas sociais, á opresión, aos abusos de poder e ás desigualdades. Todos estes valores impregnaron o seu desempeño profesional e a súa escrita. Como ela mesma dicía, “É o momento do feminismo: da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade e, por que non?, da felicidade”.

A viguesa Begoña Caamaño, no desempeño do seu traballo como xornalista radiofónica, na súa primeira etapa na cidade olívica e como apaixonada do xornalismo de rúa que exerceu nos anos 80, viviu de preto os grandes conflitos laborais por mor da reconversión naval ou do peche de emblemáticas empresas. Na cobertura destes conflitos traballou da man dun sindicalismo moi activo que imperaba nesta comarca naqueles anos, polo que a homenaxeada tampouco é allea ao mundo sindical.

No recoñecemento da figura de Begoña Caamaño, -que traballou e defendeu a lingua en todas as súas vertentes, dende a oralidade na súa faceta radiofónica, ata a escrita tanto xornalística, coa súa colaboración con diversas publicacións, como literaria, a través das súas obras-, UGT-Galicia



reafirmase no insubstituíble papel da lingua galega para todos e todas, para a nosa sociedade, como vehículo de comunicación na súa acepción máis directa pero tamén como parte do noso patrimonio e medio básico de expresión cultural e como ferramenta para avanzar conxuntamente no eido educativo e contribuír ao progreso social e económico.

Así, UGT-Galicia reivindicou neste 17 de maio como propio o compromiso co idioma galego de persoas como Begoña Caamaño. Dende UGT-Galicia insistimos en que o idioma galego é parte do patrimonio inmaterial do pobo galego e é o noso deber coidalo, difundilo, protexelo e mantelo como unha lingua viva en todos os ámbitos e actividades da sociedade.

Para iso, o Sindicato insta á Xunta á busca de amplos consensos, como outros que xa de adoptaron no seu momento de xeito unánime, como a Lei de Normalización Lingüística; a Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais; a Lei Paz Andrade; a Declaración Uni-

versal dos dereitos lingüísticos; a Carta europea de linguas rexionais e minorizadas; ou o Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004.

Alingua non pode ser un arma arroxadiza

UGT rexeita o uso de calquera lingua como arma arroxadiza e de loitas de poder. As linguas de cada un dos territorios, como as súas culturas, son tesouros, patrimonio que temos entre todos e todas a obriga de coidar e manter vivas e dentro dun contexto de convivencia sa entre todas as expresións lingüísticas do país.

A cidadanía debe poder exercer libremente os seus dereitos lingüísticos e as administracións están obrigadas ao cumprimento das normas que en materia lingüística consagran o Estatuto e a Constitución. Trátase de entre todos e todas, cidadanía e administracións, mudar o rumbo da nosa lingua e asegurar o seu futuro coa súa presenza en todos os espazos e usos.

TRAS VARIOS MESES DE NEGOCIACIÓN E XORNADAS DE FOLGA, O METAL DE PONTEVEDRA PECHA UN CONVENIO CON IMPORTANTES MELLORAS EN MATERIA SALARIAL E SOCIAL

Redacción.- Tras un preacordo inicial entre UGT, CCOO e a patronal do sector do metal da provincia de Pontevedra, ratificado posteriormente en asemblea polos traballadores e traballadoras, este martes asinouse o novo convenio colectivo que estará vixente nos próximos catro anos.

Un convenio que regulará as condicións laborais de máis de 30.000 traballadores e traballadoras na provincia e que chega tras moitos meses de negociación e varias xornadas de folga e mobilizacións.

En materia salarial o convenio prevé unha suba xeral acumulada na vixencia do convenio do 15%. Desglosada por anos, será do 5% no 2026 (con efecto retroactivo dende o 1 de xaneiro); 4% no 2027; 3% no 2028; e o 3% no 2029.

Ademais, introdúcese por primeira vez unha diferenciación salarial entre oficiais de primeira e segunda, unha reivindicación histórica no sector. Así, os oficiais de primeira terán un incremento adicional do 0,5% no 2028 e outro 0,5% no 2029. Unha medida que busca recoñecer a maior cualificación, responsabilidade e especialización.

En canto á clasificación profesional, asinouse o compromiso de convocar me-

sas cada tres meses nas que se reunirá unha comisión específica co obxectivo de definir os grupos profesionais, as funcións reais de cada posto e as diferencias entre actividades dentro do propio metal. Nestas mesas buscarase adaptar a clasificación á realidade actual do sector e evitar interpretacións ambiguas das categorías profesionais.

Tamén se prevé unha mesa de traballo cada seis meses para a tramitación dos coeficientes reductores da idade de xubilación. Xa que a competencia sobre este tema é da Administración central, o obxectivo é recompilar información técnica e trasladala aos organismos competentes para seguir avanzando nesta reivindicación histórica do sector.

A cláusula de revisión salarial será no 2026 total, sen tope; e nos anos sucesivos establécese un límite do 2,5%. Non obstante, calquera exceso por enriba do 2,5% non se pagará pero sí se incorporará ás táboas salariais do ano seguinte



para non perder base de cotización.

A xornada anual reducirase en 8 horas dende o 2027, con 24 días laborables de vacacións.

A subrogación será obrigatoria para o mantemento no sector eólico e de telecomunicacións.

Fíxase un abono obrigatorio dun plus especial (tóxico, penoso ou perigoso) en estaleiros, centros de reparación naval e varaderos. Así como a implantación da xornada intensiva, polo menos no mes de xullo, nestes mesmos centros de traballo. O novo convenio recolle outras melloras sociais como as relativas a estrés térmico, ampliación de permisos ou pluses de traballadores desprazados.

SEGUIMIENTO MASIVO NA PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA NO METAL DA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do metal da provincia da Coruña protagonizaron este martes a primeira xornada de folga, cun seguimento masivo e con mobilizacións na Coruña, Ferrol e Santiago, por un convenio digno para o sector, que aglutina unhas 15.000 persoas. Xornadas de folga que se repetirán os días 26 e 27 ante o inmovilismo da patronal do sector.

Esta convocatoria foi acordada polas asembleas de traballadoras e traballadores celebradas na Coruña, Compostela e Ferrol, porque o metal quere negociar un convenio digno nun contexto de crecemento da carestía e empobrecemento dos salarios. Fronte a isto, a patronal dilata de xeito intencionado as negociacións. Todo isto, mentres as empresas continúan incrementando os seus beneficios.

Lembrar que as demandas dos traballadores e traballadoras pasan por un incremento salarial digno, reducir a xornada, regular os pluses, combater a precarización a través das ETT e dos contratos fixos discontinuos, mellorar os complementos das baixas médicas ou limitar a subcontratación en cadea.



O 29 DE MAIO AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO COMERCIO DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DA CORUÑA ESTÁN CHAMADOS Á FOLGA

Redacción.- UGT, xunto aos outros sindicatos do sector, chaman ás traballadoras e traballadores do comercio de alimentación da provincia da Coruña a parar o vindeiro día 29 e secundar a xornada de folga convocada para denunciar a actitude inmovilista dunha patronal que, a pesar de acumular ano tras ano beneficios millonarios, segue a limitar a mellora dos salarios dos seus empregados e empregadas.

Ademais disto, as traballadoras e traballadores do sector poñen enriba da mesa a necesidade de racionalizar dunha vez por todas no sector as cargas de traballo e, polo tanto, mellorar os calendarios laborais e

garantir descansos e xornadas laborais que favorezan a conciliación da vida laboral e persoal, así como, que preserven a saúde das persoas traballadoras do sector.

Manifestacións

A xornada de folga irá acompañada de mobilizacións. Deste xeito, están convocadas manifestacións en Santiago, A Coruña, Ribeira e Ferrol.



CAMBIO DE DÍA

~~22~~ 29
FOLGA!

A patronal de Gadis e Froiz non considera suficiente a comunicación feita á autoridade laboral (Consellaría de Emprego). Para evitar litixios innecesarios e darlle total seguridade xurídica á folga **temos que aprazala para o venres 29 de maio.**

Porque xa está ben de non chegar a fin de mes!

Porque hai que acabar coa exaxerada carga de traballo sen recompensa!

Coa mesma forza,

FOLGA DÍA 29 DE MAIO!

AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NESTLÉ MANIFÉSTANSE EN PONTECESURES CONTRA O ERE PRESENTADO POLA EMPRESA E ANUNCIAN FOLGA INDEFINIDA A PARTIR DO 1 DE XUÑO

Redacción.- O pasado sábado Pontecesures acolleu unha gran manifestación na que as traballadoras e traballadores da planta que Nestlé ten nesta localidade dixeran non ao ERE presentado pola empresa e que en Galicia afectaría, inicialmente, a 27 empregados. Ademais, está convocada folga indefinida a partir do 1 de xuño.

Lembrar que Nestlé ven de anunciar un ERE que prevé o despedimento de ata 16.000 persoas en todo o mundo, 301 serían en España e 27 en Galicia.

FICA UGT manifesta o seu máis firme e rotundo rexeitamento a esta decisión, xa que considera que este recorte masivo de emprego é inxustificado, desproporcionado e socialmente inaceptable, especialmente no contexto dunha empresa que mantén unha posición de liderado mundial no sector alimentario e continúa xerando beneficios multimillonarios.

Segundo os propios resultados financeiros publicados pola compañía no seu último exercicio anual:

A facturación superou os 89.000 millóns de francos suízos en 2025,



cun beneficio neto que alcanzou máis de 9.000 millóns de francos suízos. Ademais, a rendibilidade operativa sitúase por encima do 16%, entre as máis elevadas do sector; e o fluxo de caixa libre ascende a 9.200 millóns de francos suízos, evidenciando unha sólida capacidade de xeración de recursos.

Para 2026, a empresa prevé acelerar o seu crecemento orgánico ata o 3%-4%, cunha mellora do volume de vendas. Ademais, en mercados crave como España, Nestlé mantén un desempeño sólido, con crecemento sos-

tido, investimentos marca e un forte impulso da innovación e as exportacións.

Estes datos demostran con claridade que non se está ante unha empresa en crise, senón ante unha organización altamente rendible que optou por trasladar o custo da súa estratexia ao seu persoal.

UGT denuncia que se está a priorizar a rendibilidade financeira a curto prazo fronte á estabilidade laboral e familiar de miles de traballadores e traballadoras.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS ANUNCIA QUE EMPRENDERÁ TODAS AS ACCIÓNS LEGAIS PRECISAS PARA IMPEDIR QUE DESAPAREZAN OS VALORES DA ASOCIACIÓN DOWN VIGO

Redacción.- Down Vigo é unha asociación sen ánimo de lucro fundada hai máis de 30 anos por un grupo de pais e nais de nenos e nenas con síndrome de Down. Naquel momento as opcións para eles non existían, así que tiveron que construílas. Co paso do tempo, o que empezou como unha pequena alianza para axudar aos seus fillos e fillas a participar na sociedade como membros de pleno dereito, converteuse nunha asociación referente na comarca, con case 50 persoas traballadoras, prestando servizo a máis de 200 persoas con discapacidade intelectual e síndrome de Down.

A actual Xunta Directiva da asociación Down Vigo, en Asemblea Extraordinaria dos asociados o pasado día 8 de maio, comunicou a posta en marcha dunha serie de medidas para intentar paliar o déficit orzamentario do ano 2025, calculado nuns 200.000 euros.

Redución de prestacións, despedimentos e externalización

Devanditas medidas, tomadas unilateralmente e sen previa consulta nin a persoal, nin ás súas delegadas de persoal, consisten basicamente en reducir as prestacións propias, proceder ao despedimento dun número indeterminado de persoas traballadoras e externalizar certos servizos que son clave para o desenvolvemento funcional, o que supoñerá unha perda da coherencia metodolóxica e da filosofía fundacional das entidades Down.

Engaden a estas medidas a subida das cotas de socios e o incremento dos custos polos servizos ofrecidos ás súas persoas usuarias, necesarios en todas as fases do seu desenvolvemento, desde a Atención Temprá e a etapa educativa, pasando polas habilidades para a vida diaria en Autonomía e Vivenda como na Formación para o Emprego e o Emprego con Apoio.

Desde a UGT – Servizos públicos Vigo queremos denunciar que a actual Xunta Directiva, ante a existencia dun problema real, optou por medidas puramente de mercado, erróneas na súa formulación, insolidarias no seu contido e que levarán directamente á desaparición de Down Vigo e o que representa. Lamentamos profundamente que a Xunta Directiva tomase decisións de tal calado, supoñemos que desde a ignorancia, dado que os primeiros e directamente damnificados polas devanditas medidas van ser os seus propios fillos e fillas.

A Xunta Directiva de Down Vigo quiere poñer en marcha de inmediato o seu modelo mercantilista, ante o cal, solicitamos a todas as autoridades comprometidas, directa ou indirectamente coa nosa asociación, iniciar as accións que consideren oportunas para impedir que a actual Xunta Directiva de Down Vigo converta unha asociación sen ánimo de lucro nunha empresa con subcontratas.

O CADRO DE PERSOAL DO BANCO SANTANDER ESIXE O MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO E REBAIXAR A PRESIÓN COMERCIAL

Redacción..- O pasado venres as seccións sindicais de UGT no Banco Santander en Galicia convocaron unha concentración fronte á sede desta entidade na Coruña.

Nesta mobilización, os traballadores e traballadoras do Banco Santander denunciaron que nos últimos tres anos os cadros de persoal da entidade reducíronse considerablemente e a isto sumóuselle unha presión comercial cara os traballadores e traballadoras que está a resultar xa insostible.

Denunciaron que se lles esixen obxectivos inalcanzables con seguimentos diarios que están a afectar xa á saúde dos empregados.

Ademais, isto tamén redonda nos usuarios que son vítimas directas da redución de oficinas, da diminución dos cadros de persoal e da modificación do servizo en caixa, que ás veces suprímese e cando existe ao fronte do mesmo están traballadores e traballadoras que ás veces teñen que facer tarefas simultáneas, como atender as esixencias comerciais, o que, evidentemente, redonda nunha atención de cara ao público de peor calidade.

Por todo isto, os traballadores e traballadoras esixen un cambio de rumbo, un traballo xusto sen presións nin ameazas.



FEPMC-UGT DENUNCIA QUE A EMPRESA ENCARGADA DO REPARTO DE AMAZON NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PRESIONA AOS TRABALLADORES PARA ASINAR BAIXAS “VOLUNTARIAS” E REBENTAR ASÍ AS ELECCIÓNS

Redacción.- FePMC-UGT denuncia que a empresa Kebel Logistics, encargada de garantir o reparto e a distribución dos pedidos de Amazon e da plataforma Glovo no seu centro de traballo do Porriño (Polígono As Gándaras), está a executar unha agresiva e desesperada manobra de coacción masiva contra os seus repartidores. O obxectivo? Rebentar as eleccións sindicais.

A dirección da empresa, tras ter coñecemento de que UGT estaba a lograr articular unha candidatura democrática formada polos repartidores da plataforma Glovo dentro da compañía, desatou unha auténtica caza de bruxas. Sen o menor pudor, os mandos da contrata encargada dos envíos de Amazon están a enviar mensaxes imperativas e individuais de WhatsApp aos traballadores para obrigalos a asinar documentos de "baixa voluntaria".

Para dobregar a vontade dos repartidores —un colectivo exposto a unha extrema precarización e dependente do xigante do comercio electrónico e das plataformas de reparto—, a empresa utiliza unha chantaxe tóxica e fraudulenta.

Esíxelles datar a súa "dimisión" o 17 de maio baixo a falsa promesa de que os volverán a reincorporar de forma idéntica "o 25 de maio ou o 1 de xuño". As probas deste atropelo patronal son demoledoras: as mensaxes demostran unha insistencia asfixiante ("abriches o documento pero non o asinaches, é indispensable que o asines"), deixando claro que non existe ningunha intención de marchar por parte do persoal, senón unha coacción empresarial flagrante para alterar o censo electoral.

UGT esixe man dura e a intervención inmediata da Inspección

Ante a gravidade dos feitos, que supoñen unha violación directa do dereito fundamental á Liberdade Sindical (Art. 28.1 da Constitución) e unha fraude de lei masiva tanto laboral como á Seguridade Social, UGT mobilizou de urxencia aos seus servizos xurídicos. O sindicato xa presentou a denuncia formal asinada ante a Inspección provincial de Traballo en Vigo.

"Estamos ante un insulto á democra-

cia e aos dereitos da clase traballadora. Non podemos tolerar que unha empresa que xestiona os pedidos dunha multinacional da entidade de Amazon na nosa comarca utilice métodos propios doutras épocas para amordazar aos repartidores. Esiximos que a Inspección de Traballo se persone de xeito fulminante na sede da empresa no Porriño, paralice de inmediato esta fraude e sancione de forma exemplar aos responsables desta situación".

UGT advirte de que chegará ata as últimas consecuencias nos tribunais se é necesario, esixindo a declaración de nulidade radical de calquera cesamento fraudulento (xa despediron a un dos compoñentes da lista de UGT) que se intente perpetrar nos próximos días. O sindicato fai un chamamento a todo o persoal de Kebel Logistics —tanto a quen reparte para Glovo como aos encargados da distribución de Amazon— a non ceder ante as ameazas, lembrar que ningunha mensaxe de WhatsApp pode substituír á legalidade vixente e insiste en que denunciem calquera intento de presión por parte da empresa ou os seus representantes.

NOVA XORNADA DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO COMERCIO DO METAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do comercio do metal da provincia de Pontevedra pararon este xoves nunha nova xornada de folga e mobilizáronse en Vigo, con varias manifestacións e concentracións desenvolvidas ao longo da mañá.

Bloqueo patronal da negociación e pretensión de eliminar dereitos consolidados

Dende FePMC-UGT-Pontevedra denúnciase que a patronal ATRA leva meses bloqueando a negociación do convenio provincial. A patronal pretende eliminar dereitos consolidados como a cobertura das



baixas por enfermidade co 100%. Ademais disto, pretenden recortar outras condicións laborais que o sector leva anos defendendo. Apúntase que, sen convenio provincial, o sector vai quedar desprotexido, con salarios máis baixos, xornadas máis

longas e menos garantías.

Por isto, para evitar que ATRA continúe impondo a práctica do desgaste e o bloqueo, o comercio do metal decidiu mobilizarse e dicir basta xa.

A FUNDACIÓN LUIS TILVE PRESENTA EN PONTEVEDRA A NOVA OBRA DO HISTORIADOR EMILIO GRANDÍO, “UN TORY EN ESPAÑA”, SOBRE A ESPIONAXE NA GUERRA CIVIL

Redacción.- Este xoves a Fundación Luís Tilve presentou en Pontevedra o novo traballo de investigación do catedrático de historia contemporánea da USC, Emilio Grandío Seoane, “Un Tory en España. Wing Commander James (1936-1941)”, que achega unha nova óptica da Guerra Civil e dos primeiros anos da postguerra, a través das vivencias e os informes do diplomático e militar británico, Archibald James, Comandante de Aviación e deputado “tory”.

Grandío, que é coordinador da “Rede Española de Estudios Históricos de Inteligencia (RESHINT)”, explicou como grazas á consulta de fondos diplomáticos e da documentación privada e inédita do Comandante James, facilitada pola familia, puido analizar un período no que España se converteu nun escenario clave da política europea, onde as decisións que tomaron países, como o Reino Unido, marcaron o futuro do noso país e dun novo orde internacional, e a influencia que tivo

nisto o uso da información e da desinformación, que se converteu nun arma máis nos conflitos, como sucedeu co bombardeo de Gernika, ou co curioso caso da visita do Duque de Windsor a España, fuxindo de Francia, que quixo ser utilizada polos nazis para dividir á opinión pública inglesa.

O autor percorreu distintos momentos da contenda, chea de desconfianza entre Gran Bretaña e España, a primeira temerosa de que Franco entrara no eixe fascista e posteriormente na Guerra, e a segunda de que se producira un desembarco por Galicia, que era un plan posible; así como da posterior postguerra, na que se forxaron os servizos secretos españois, base da represión que aseguraba a ditadura, e na que os británicos subornaron a militares españois para garantir a non entrada na Guerra Mundial do réxime franquista.

A presentación do acto correu a cargo



do Director da Fundación, Guillermo Pérez, que resaltou as rimas da historia que se poden percibir no libro, como cando se di que a cidadanía, naquel momento, “oscilaba entre a modernidade do totalitarismo fascista ou a defensa dunha democracia liberal caduca, cansa”, e recalcou detalles que achega o libro e que é preciso coñecer, como a participación do exercito nazi e fascista italiano, xunto ás tropas coloniais do Protectorado español (uns 100.000 marroquís), que decantaron a balanza en favor dos sublevados contra a República.

UGT ESIXE ACABAR COA PRECARIIDADE XUVENIL E GARANTIR O ACCESO A UNHA VIVENDA DIGNA EN EUROPA

Redacción.- UGT participou na audiencia pública organizada polo Comité Económico e Social Europeo con motivo do novo ditame sobre a iniciativa da Comisión Europea, sobre unha Estratexia Europea de Equidade Interxeracional. A xornada celebrada en formato bimodal (presencial e en liña) reuniu a representantes institucionais, interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil a nivel europeo, para debater o futuro das políticas desde unha perspectiva interxeracional.

En representación de UGT, interviñeron a súa vicesecretaria xeral, Lola Navarro, e a secretaria de Políticas Europeas de UGT e relatora do ditame do CESE sobre esta Estratexia, Mari Carmen Barrera.

Durante a súa intervención, Barrera defendeu que a equidade interxeracional debe converterse nun principio transversal de todas as políticas europeas, garantindo que as decisións actuais non comprometan as condicións de vida das xeracións futuras. Así mesmo, reclamou que a futura Estratexia europea incorpore obxectivos concretos de redución de desigualdades sociais, económicas, territoriais e de xénero, reforzando instrumentos europeos xa existentes como o fondo Social Europeo Plus, a Política de Cohesión ou o Pilar Europeo de Dereitos So-

ciais.

Ademais, subliñou a necesidade dun recoñecemento claro da xustiza Interxeracional territorial na transición ecolóxica e dixital, recoñecendo que a inacción climática é unha forma de inxustiza interxeracional e dun Paquete Europeo de Empoderamento da Mocidade que abarque medidas en materia de emprego de calidade, salarios dignos, vivenda alcanzable, saúde mental, protección social e loita contra a precariedade. Para iso é necesario reforzar o investimento público e a gobernanza social europea para avanzar, así como a creación de mecanismos estables de seguimento e avaliación sobre desigualdades interxeracionais.

Pola súa banda, Navarro trasladou a visión sindical de UGT sobre os principais desafíos que afrontan actualmente as persoas traballadoras e, especialmente, a mocidade europea. Na súa intervención, advertiu de que a equidade interxeracional non pode quedarse nun exercicio simbólico de participación, senón que debe traducirse en políticas capaces de garantir condicións materiais de vida dignas e estables.

Así mesmo, sinalou que problemas como a precariedade laboral, as dificultades de acceso á vivenda, o enfraquecemento

dos servizos públicos ou a desigualdade territorial están a deteriorar a cohesión social e alimentando a desafección cara ás institucións democráticas. Neste sentido, defendeu a necesidade de reforzar o papel das políticas públicas fronte a dinámicas especulativas que afectan especialmente á vivenda, ao emprego xuvenil e ao acceso a dereitos básicos.

Para rematar, reivindicou medidas para garantir emprego estable e salarios dignos, fortalecer a negociación colectiva, protexer os sistemas públicos de coidados e servizos públicos, impulsar políticas de cohesión territorial e afrontar a transición ecolóxica desde criterios de xustiza social. Tamén alertou sobre os riscos que supoñen a desinformación e os discursos que confrontan a xeracións ou colectivos sociais entre si.

Neste contexto, UGT reclamou que a futura Estratexia Europea de Equidade Interxeracional constrúase tendo en conta as achegas dos interlocutores sociais e da sociedade civil organizada. O sindicato reivindica que a Comisión Europea tome nota do futuro ditame do CESE e das propostas expostas polas organizacións europeas para avanzar cara a unha auténtica folla de ruta baseada na solidariedade e a xustiza interxeracional.

UGT CONSEGUE NA AUDIENCIA NACIONAL O RECOÑECIMENTO DO DEREITO PARA RECIBIR COMPENSACIÓN POLO FESTIVO COINCIDENTE CO DESCANSO EN SÁBADO

En dúas sentenzas cun impacto global para todas as persoas traballadoras que teñen o seu descanso semanal en sábado e domingo

Redacción.- Nas dúas sentenzas ditadas pola Sala do Social da Audiencia Nacional notificadas o 20 de maio de 2026, unha que afecta o sector de asistencia telefónica (contact center) e a unha empresa do sector de alugueiro de vehículos (A-yvens), en demandas promovidas por UGT, recoñeceuse o dereito das per-

soas que traballen de luns a venres, e descansen os sábados e domingos, a que lles sexan compensados os festivos coincidentes con sábado, de xeito que por cada festivo que se solape co sábado, debe concederse un día de compensación, co fin de garantir o desfrute dos catorce días festivos do ano.

Gran impacto

Para UGT, estas sentenzas teñen un gran impacto en todas as empresas nas que se traballe de luns a venres e descáñese os sábados e domingos; debendo compensarse os festivos coincidentes en sábado con outro día de descanso.

UGT DESTACA A IMPORTANCIA DOS PLANS DE MOBILIDADE SOSTIBLE AO TRABALLO PARA A DESCARBONIZACIÓN E A MELLORA DA SAÚDE LABORAL

Redacción.- UGT en VERDE, xunto coa vicesecretaría xeral de Política Sindical e a secretaría xeral de Saúde Laboral, celebrou unha xornada formativa centrada nos Plans de Mobilidade Sostible ao Traballo (PMST), unha ferramenta clave para avanzar na redución de emisións, mellorar a saúde laboral e transformar os modelos de desprazamento cara a contornas máis sostibles.

Manuel Riera, coordinador técnico da área de Acción Climática Xusta e Transición Xusta de UGT, abordou o papel do sindicalismo na gobernanza da mobilidade laboral e na negociación dos plans de mobilidade sostible. Explicou o marco normativo actual, sinalando que a Lei de Mobilidade Sostible actúa como norma supletoria naquelas comunidades autónomas que non contan con regulación propia, mentres que outras xa dispoñen de normativas específicas con distintos limiares de aplicación. Así mesmo, destacou que o recente real decreto reduciu o prazo de elaboración dos plans de 24 a 12 meses, fixando como data límite o 5 de decembro de 2026. Insistiu na importancia de que os Plans de Mobilidade Sostible ao Traballo negociáisen desde o inicio mediante mesas paritarias entre a empresa e a representación das persoas traballadoras, evitando que se convertan nun mero trámite administrativo.

Carlos Bravo, coordinador da Alianza pola Lei de Mobilidade Sostible, destacou como esta alianza xurdiu ante as carencias do texto inicial, como a ausencia de obxectivos cuantificables de redución de emisións ou



o elevado limiar establecido para a obrigação de elaborar plans de mobilidade ao traballo. Grazas a este traballo conxunto, a lei incorporou finalmente melloras substanciais, entre elas a ampliación da obrigação de elaborar estes plans a empresas de máis de 200 persoas traballadoras, a inclusión de obxectivos vinculantes de descarbonización para 2030 e 2040, medidas para reforzar o financiamento do transporte público e novas disposicións relacionadas coa mobilidade ferroviaria.

A continuación, interveu Daniela Sánchez, experta en mobilidade sostible de CICLOGREEN, quen centrou a súa exposición na aplicación práctica dos Plans de Mobilidade Sostible ao Traballo e nos principais erros detectados na súa implementación. Alertou sobre unha das principais debilidades identificadas: a delegación dos plans en persoas sen formación específica, sen capacidade de decisión

e sen orzamento, o que dificulta a súa correcta execución. Tamén subliñou a necesidade de realizar diagnósticos rigorosos e adaptados a cada centro de traballo, xa que as solucións de mobilidade deben responder a realidades moi distintas entre contornas urbanas e zonas industriais ou periféricas.

O sindicato puxo en valor que os Plans de Mobilidade Sostible ao Traballo representan unha oportunidade estratéxica para avanzar cara un modelo produtivo máis sostible, mellorar a saúde das persoas traballadoras, reducir a sinistralidade viaria e reforzar o papel do diálogo social na transición ecolóxica xusta.

UGT continuará traballando no desenvolvemento de ferramentas, guías e propostas para que estes plans convértanse en instrumentos reais de transformación nos centros de traballo.